

Autor: **CHEMA HERAS**

Ilustrador: **KIKO DASILVA**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

-Galego: "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis"  
Demademora. ISBN 978-84-8464-612-9

-Castelán: "Cuando a Matías le entraron ganas de hacer pis  
en la noche de Reyes".  
Libros para soñar. ISBN 978-84-8464-611-2

-Catalán: "En Martinet tenia ganas de fer pipí la nit de Reis"  
Kalandraka. ISBN 978-84-8464-016-5

Prezo: 12 €



## CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS

**"Os Reis non entran nas casas dos nenos que non están durmidos", avisouno a pai, pero no medio e medio e medio da noite, Martiño espertou con moitas, moitas ganas de facer pis...**

"Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis" é un atípico conto de Nadal, que nos amosa a particular visión dun neno sobre ese acontecemento tan especial. A narración de Chema Heras, chea de enxeño e humor, desvela a inxenuidade e ao mesmo tempo a complexidade do maxín infantil.

As ilustracións de Kiko Dasilva gozan de moita expresividade e fan deste conto un dos preferidos nas bibliotecas dos nenos. "Cando Martiño..." chega de novo polo Nadal aos fogares galegos para facer sorrir a cativos e grandes, para que gocen da ledicia e da ilusión que destila cada páxina.

### **CHEMA HERAS (Ávila, 1957)**

É profesor de inglés en Cambados (Pontevedra) e pertence ao consello editorial de FAKTORÍA K DE LIBROS. Editou un libro de poemas, Nido de amor e cuna (edición de autor, 1982) e unha colección de contos titulada "Bulebule" para o ámbito educativo, destinada á ensinanza da lectura en galego.

Durante a súa estancia en Australia escribiu unha serie de libros editados polo Departamento de Educación de Nova Gales do Sur, nese país. En 1990 publicou na editorial Sotelo Blanco a obra "A fuxida dos Nenos", e en 1999 Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis.

Tamén é autor do texto do conto "Avós", editado por KALANDRAKA en castelán, galego, catalán, euskera e portugués. Este libro recibiu o 'Premio Llibreter 2003'. Heras traduciu ao galego, en colaboración con Tomás Ruibal, o título "Gracias a Winn-Dixie", editado por KALANDRAKA na colección Tiramillas. Igualmente, traduciu ao castelán "Las aventuras de Pinocho", obra coa que KALANDRAKA acadou o título número 100 do seu catálogo nesta lingua.

### **KIKO DASILVA (Vigo, 1979)**

Formouse como artista plástico na facultade de Belas Artes de Pontevedra. Traballa como humorista gráfico profesional. Comezou a súa traxectoria en fanzines como 'Nicasso' e 'Nova Línea'. Director e creador da revista de banda deseñada BD BANDA (premio ao mellor fanzine do Salón do Cómic de Barcelona), que vén de converterse na primeira revista galega traducida tamén ao castelán.

Tamén dirixe a colección de cómic BD BANDA na editorial FAKTORÍA K DE LIBROS, na que asinou o álbum titulado "Fiz". Outros libros ilustrados por el son: "A memoria das árbores", "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis" e "Rato de campo e rato de cidade", publicados por KALANDRAKA.

Traballa para as revistas 'Mister K' e 'El Jueves', nas que ten dúas series de banda deseñada tituladas 'Clases con Guasa' e 'Turisteo'. Recibiu, entre outros, galardóns como o Primeiro Premio de Cómic de Ourense (1996), o Premio Internacional de Humor Gráfico de Porto (Portugal) ou o Segundo Premio Nacional de Humor Gráfico J&B (2000).

- **Temática:** conto de Nadal
- **Idade recomendada:** desde 5 anos
- **Aspectos destacables:** humor; os cores; canción a modo de retroso (repetición); as tradicións do Nadal: os agasallos para quen se portou ben e carbón para os desobedientes; os soños, a ilusión